

LEXISLACIÓN EN MATERIA DE XUVENTUDE

LEI DE XUVENTUDE

LEI 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia (DOG Núm. 139 Venres, 20 de xullo de 2012)

DECRETO 50/2000

Decreto 50/2000, de 20 de enero, polo que se regula a normativa vixente en materia de xuventude. (DOG Núm. 49 Venres, 10 de marzo de 2000)

BORRADOR NOVO DECRETO

Decreto 58/2012 do 12 de xaneiro polo que se **modifica o decreto 50/2000**, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de Xuventude para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior (DOG Núm. 25 Luns, 6 de febreiro de 2012)

DECRETO CONSELLO ASESOR E CONSULTIVO

DECRETO 57/2014, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia. (DOG Núm. 101 Mércores, 28 de maio de 2014)

Decreto 148/2008, do 26 de xuño, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Xuventude. (DOG Núm. 141 Martes, 22 de xullo de 2008)

PLAN DE XUVENTUDE

Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2010-2013

Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016: Horizonte 2020

ORDE EDUCACIÓN NON FORMAL

ORDE do 26 de febreiro de 2015 pola que se regula o certificado de experiencias de educación non formal en materia de xuventude (DOG Núm. . 57 Mércores, 25 de marzo de 2015)

ORDE CAMPAMENTOS E CAMPOS DE TRABALLO

ORDE do 7 de abril de 2017 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2017 e se procede á súa convocatoria (DOG Núm. 73 Luns, 17 de abril de 2017)

Campos de traballo: <http://xuventude.xunta.es/accion-de-veran>

CARNÉS

ORDE do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os **prezos** privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. (DOG Núm. 67, venres, 8 de abril de 2016).

ORDE GALEUROPA

ORDE do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil e se procede a súa convocatoria para o ano 2017 (DOG Núm. 92Luns, 15 de maio de 2017)

ORDE VOLUNTARIADO XUVENIL

ORDE do 15 de maio de 2017 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (DOG Núm. 103Xoves, 1 de xuño de 2017)

ORDE DESEÑANDO O TEU FUTURO

ORDE do 3 de maio de 2017 pola que se establecen as bases do programa Diseñando o teu futuro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (DOG Núm. 91Venres, 12 de maio de 2017)

ORDE INICIATIVA XOVE

ORDE do 11 de abril de 2017 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove, e se procede á súa convocatoria (DOG Núm. 80 de data 26/04/2017)

ORDE AXUDAS E SUBVENCÍONS ENTES LOCAIS

RESOLUCIÓN do 20 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pola que se publican as subvencións concedidas en virtude da Orde do 21 de abril de 2016 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016, e se procede á súa convocatoria (DOG Núm. 87 de data 08/05/2017)

PARLAMENTO XOVE

<http://www.parlamentoxove.com/>

CORRESPONDENTES XUVENÍS E UNIVERSITARIOS

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/9879-correspondentes-xuvenis-3-0>

Correspondentes Xuvenís 3.0 é un programa da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado que pretende contar cunha antena informativa en cada centro educativo, que se responsabilice de recoller a información en materia de xuventude enviada dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e dende a Oficina Municipal de Información Xuvenil da súa localidade para difundila entre o alumnado do centro. Para iso conta con apoio do persoal do centro coordinador de información xuvenil, dos Espazos Xove e co profesorado participante no programa.

Os obxectivos específicos deste programa son:

- Difundir información de interese para a mocidade que está nos centros educativos a través de correos electrónicos, Redes Sociais e a través da información da páxina <http://www.xuventude.net>.
- Ofrecerlle ás mozas e mozos que queiran ser correspondentes a posibilidade de informar aos seus compañeiros e así favorecer a participación e a maduración persoal, fomentando unha educación en valores para pensar e desenvolver o espírito crítico.
- Facilitar o acceso aos mozos e mozas ás actividades, programas e carnés que ofrece a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, descentralizando deste xeito a información nuns centros claves para o noso público obxectivo.
- Traballar en rede cos centros, permitindo a recepción de información das actividades, iniciativas e propostas do alumnado, permitindo a súa canalización e potenciando, así, os servizos de información xuvenil entre a mocidade dos centros educativos.
- Formar á mocidade na xestión do manexo da información, potenciando as súas habilidades sociais e a asunción temperá de responsabilidades.
- Recabar información das actividades que se organizan por ou para a xuventude desde os propios institutos ou outras institucións para difundila ao resto da mocidade galega.

Os correspondentes xuvenís son mozos ou mozas, estudantes de segundo ciclo da ESO, bacharelato ou ciclos medios e superiores de formación profesional que se encargarán de informar aos demais compañeiros das convocatorias, carnés xuvenís, recursos e actividades que poidan ser do seu interese.

Os correspondentes terán as seguintes funcións:

- Xestionar un taboleiro informativo no que haberá información sobre temas do seu interese.
- Difundir a información que reciban a través dos medios ao seu alcance: redes sociais, entre os delegados de clase, compañeiros de instituto...
- Manter actualizado e ordeado o taboleiro informativo do centro.
- Participar activamente nas actividades e tarefas resultantes do desenvolvemento do proxecto nas titorías, nas aulas, na biblioteca e noutros espazos do centro onde se desenvolvan as liñas estratéxicas do Plan Proxecta.

A información serálle enviada pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e polas oficinas de información xuvenil da súa zona.

Beneficios para os/as correspondentes:

- Recibirán gratuitamente o carné xove, o carné internacional e o carné de alberguista durante o ano escolar no que están como correspondentes.
- Terán preferencia nalgúns dos programas da DXXV nos que así conste nas súas bases.
- Reconoceráselles o tempo como persoas voluntarias mediante un certificado expedido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Estas horas poderán serlle convalidadas como prácticas para os cursos de información xuvenil que as esixan.

Contarase cun apartado propio da páxina <http://www.xuventude.net> e material das distintas actividades de xuventude.

Alumnado ao que vai dirixido: preferentemente 3º e 4º de ESO, Bacharelato e FP

Temporización: Curso completo

Criterios de selección: Poderán participar todos os centros públicos e concertados galegos de educación secundaria e formación profesional que o soliciten.

Persoa responsable: Jaime Díaz Fiuza

Teléfono: 881 997 606

Máis información: [Plan Proxecta](#)

REDE DE INFORMACIÓN XUVENIL

Galicia conta desde 1994 con unha Rede de Información Xuvenil configurada como un

servizo público de carácter gratuíto e de estrutura territorial que articula e coordina as iniciativas promovidas tanto por organismos públicos como por entidades privadas sen ánimo de lucro.

Entre os seus obxectivos atópanse os de garantir a difusión da información xuvenil de maneira ampla e actualizada en todo o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a máxima difusión de información a través das tecnoloxías da información e comunicación, especialmente a través de internet e as súas redes sociais.

A Rede galega está presente na maioría dos concellos galegos, chegando a practicamente todos os mozos e mozas, xa que conta con 248 oficinas locais de información xuvenil (OMIX), 12 espazos xove da Rede Galega de Centros de Xuventude dependentes da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, 50 Puntos de información xuvenil dependentes das Asociacións e entidades prestadoras de Servizos a Xuventude e máis de 547 correspondentes xuvenís distribuídos en 86 centros educativos e universitarios.

R.D. CUALIFICACIÓN E CERTIFICACIÓN PROFESIONAL INFORMACIÓN XUVENIL

Cualificacións Profesionais de : Informador Xuvenil, Dinamizador de Tempo Libre, Director de Tempo Libre e Docente de Formación Vial (BOE Núm. 110 Lunes 9 de mayo de 2011)

ERASMUS +

<http://xuventude.xunta.es/programas-eu/erasmus-2>

<http://www.erasmusplus.injuve.es/>

VOLUNTARIADO EUROPEO

http://www.erasmusplus.injuve.es/acciones/voluntariadoeuropeo/?_locale=es

ORDE DE RESIDENCIAS XUVENÍS

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/11774-aloxamento-nas-residencias-de-xuventude-durante-o-curso-2017-2018>

GARANTIA XUVENIL

<http://garantiaxuvenil.xunta.es>

OUTRA LEXISLACIÓN DE INTERÉS

Real Decreto 1027/2011, de 15 de julio, por el que se establece el Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior (BOE núm. 185, 3 de agosto de 2011)